

A medición do tempo de traballo (remunerado e sen remunerar) da muller no sistema de contas nacional

*The measurement of the time of work (paid and unpaid) of
the woman in the system of national accounts*



MARÍA ASUNCIÓN LÓPEZ ARRANZ e MARÍA DEL PILAR MILLOR ARIAS

Profesoras colaboradoras da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

Resumo

Este traballo trata sobre o tempo que a muller dedica ao traballo, o cal ha de ser medido baixo principios de igualdade entre homes e mulleres. Estúdanse os indicadores para medir o tempo de traballo, dos cales o máis frecuente é a participación na forza laboral, o número de mulleres e homes economicamente activos. Esta medición lévase a cabo a través do sistema de contas nacionais, segundo as cales a actividade económica inclúe todo traballo dentro dos límites de produción. Neste traballo sinálase que até agora non se incluíu dentro delas o traballo da muller en determinadas actividades e que debería ser integrado como medida para paliar a pobreza e conseguir maiores cotas de igualdade.

Palabras chave: medición do tempo, sistema de contas nacionais, pobreza.

Abstract

This work deals with the time that the woman devotes to work which has to be measured under principles of equality between men and women. In this study we examine the indicators used to measure the time of work. As the most frequent indicator in the participation in the labour strength is the number of women and men economically active. This measurement is carried out through the system of national accounts according to which the economic activity includes all work inside the limit of production. In this work we show that until the present the work of the woman in specific activities has not been included and that this should be integrated as a means of mitigating poverty and achieving a greater degree of equality.

Keywords: *measurement of time, system of national accounts, poverty.*

1. Introducción

O traballo da muller onte e hoxe pasa por diversos parámetros de carácter social, familiar e económico que teñen que ser traídos a colación para poder determinar o tempo que a muller dedica ao traballo ao longo do día e como este está recollido no sistema nacional de contas. O acceso das mulleres ao traballo é indispensable para elas, para as súas familias e para toda a sociedade; mais o traballo das mulleres estivo marcado pola irregularidade, a baixa remuneración ou a subsistencia.

Todos os seres humanos, sen distinción de raza, credo ou sexo, teñen dereito a perseguiren o seu benestar material e desenvolvemento espiritual en condicións de liberdade e dignidade, de seguridade económica e igualdade de oportunidades, puña de manifesto a Declaración de Filadelfia de 1944 que desenvolveu a Constitución da Organización Internacional do Traballo (en diante OIT) de 1919. A devandita declaración, que é a carta actual da OIT, réxese por catro principios fundamentais: 1) o traballo non é unha mercadoría; 2) a liberdade de expresión e de asociación é esencial; 3) a pobreza en calquera lugar constitúe un perigo para a prosperidade en todas as partes; e 4) a guerra contra as carencias débese desatar con vigor implacable. O principio básico que se promove é a igualdade no emprego e a ocupación, a cal debe ser pulada co obxectivo de eliminar calquera discriminación.

No Convenio n.º 111 de 1958 da OIT sobre discriminación, emprego e ocupación sinalase que calquera distinción, exclusión ou preferencia (baseada en determinados criterios) que teña por efecto anular ou alterar a igualdade de oportunidades ou de tratamento no emprego e a ocupación é rexeitada.

Desde a súa fundación, a OIT fomentou e desenvolveu os principios de igualdade e traballo para homes e mulleres como medio para o desenvolvemento e a prosperidade dos pobos e para a dignidade no traballo dos seres humanos ao cuñar o termo «traballo decente» e o que todo iso entraña. Baixo este concepto, analizaremos cal é o traballo da muller no mundo e cales son algúns dos medidores que se utilizan para visualizalo.

2. O traballo da muller e a utilización do tempo

Unha importante preocupación para as mulleres no seu desenvolvemento é o traballo. Desde sempre a muller tivo un importante papel tanto na agricultura como nas empresas familiares ou en sectores non-estruturados, de xeito que o seu traballo foi tremendamente importante para o benestar das familias, nos seus medios e incluso nas nacións que habitan; ora ben, este mídese mal nas estatísticas oficiais.

Para a maioría das mulleres, a familia e o traballo líganse constantemente. Nas sociedades agrícolas pobres, as mulleres traballan nos campos e ocúpanse das necesidades cotiás das súas familias. As actividades femininas tradicionais, como cultivar e elaborar os alimentos que consomen as súas familias, recoller leña, carrexar auga e cocíñar, non son remuneradas. Nas zonas máis desenvolvidas, unha proporción cada vez maior de mulleres teñen emprego remunerado, aínda que manteñen as responsabilidades do fogar e a familia.

No noso país a promulgación da Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras supuxo un avance importante, mais non a solución a este problema. Na lei tampouco se estudou nin se regulou o problema dos tempos de traballo, e na actualidade a conciliación supón un importante reto de futuro. Do mesmo xeito, a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes tampouco deu un paso máis para recoñecer o traballo efectivo da muller no sistema de contas nacional do noso país.

O traballo da muller non se describe ben mediante métodos convencionais de reunión de datos. O indicador que se usa con máis frecuencia para medir o traballo é a participación na forza laboral, o número de mulleres e homes economicamente activos. Segundo as normas internacionais de estatística, a actividade económica inclúe todo o traballo dentro dos límites de produción do sistema de contas nacionais (en diante SCN) desde o ano 1993; non obstante, as prácticas nacionais poden diferir e non incluír actividades da muller cruciais para a supervivencia da comunidade, como carrexar auga ou cultivar alimentos para a familia. Mais a norma internacional exclúe o traballo doméstico non-remunerado das medicións da actividade económica e a produción.

Unha das formas de avaliar as diferentes actividades das mulleres e os homes sen vermos obrigados a recorrer ás definicións económicas e non-económicas do SCN é o estudo da utilización do tempo. Eses estudos, polo xeral, captan en secuencia todas as actividades dos individuos durante un período fixo de tempo, usualmente un ou dous días. En todas as sociedades, a muller e o home utilizan o seu tempo en forma diferente. En primeiro lugar, as mulleres adoitan traballar máis horas que os homes –dúas horas por semana máis que os homes–, aínda que estudos realizados en España reflicten que no noso país a diferenza é de cinco horas adicionais de traballo por semana para as mulleres. En segundo lugar, o traballo doméstico non-remunerado predomina no tempo da muller case en todas partes, agás en Finlandia, onde de xeito excepcional o tempo que lle dedica a muller é menor. En terceiro lugar, o tempo de traballo da muller flutúa moito e ás veces é sumamente pesado, resultado de combinar o traballo remunerado e as responsabilidades do fogar e da atención aos nenos.

Os sistemas de contas nacionais constitúen o marco contable que define fundamentalmente as regras para a elaboración da contabilidade nacional, e establece as definicións conceptuais das operacións económicas e a estrutura ordenada de contas. En definitiva, esa normativa non é máis que unha técnica de representación que permite obter unha descrición cuantitativa e simplificada da actividade económica dun país. Na actualidade, o conxunto de países da Unión Europea adoptou o denominado sistema europeo de contas nacionais e rexionais de 1995 (SEC95), mais este deixa fóra parámetros contables tan importantes como o traballo da muller no sistema doméstico.

3. O sistema de contas nacional e a medición da produción doméstica

En 1993, o SCN recomenda por primeira vez que toda a produción de bens nos fogares para o seu propio consumo se inclúa na medición do produto económico, ora ben, segue a excluírse a produción por conta propia de servizos, incluída a atención dos nenos, a atención dos anciáns e os quefaceres de cociña e limpeza. Un dos principais argumentos para excluír os servizos intradomésticos da actividade económica foi o problema de comparalos directamente con servizos comercializados. Con todo, a medida que as economías se orientan cara aos servizos e que o sector se fai máis competitivo, a produción dentro e fóra do fogar convértese cada vez máis en intercambio, polo que se interrelacionan con maior frecuencia. Os prezos dos servizos do mercado fanse tamén máis representativos para as actividades que non entran nel.

Nos países máis desenvolvidos, servizos como a atención da saúde, as comidas, a atención das persoas de idade, a limpeza do fogar, e outros, subministranse actualmente de forma mixta desde dentro do fogar e a través do mercado e o goberno. Por esta e outras razóns, o tratamento máis amplo dos servizos foi un dos obxectivos da revisión do SCN realizada en 1993. Arestora o sistema de contas nacionais da economía española está adaptado ao SEC95, que aplican de forma harmonizada todos os estados membros da Unión Europea (UE).

A Comisión de Estatística das Nacións Unidas conveu que o labor nesta esfera debía orientarse a presentar un cadro completo da produción nos sectores non-estruturados, dos fogares e das importantes actividades neles realizadas que quedaban fóra da delimitación da produción. A Comisión insistiu en que debía comprenderse mellor a función da muller na economía para corrixir inxustizas na súa situación económica e achegar un fundamento máis preciso e completo para a planificación social e económica.

Medir a importancia de todo o traballo que queda fóra dun intercambio monetario –como é o traballo doméstico, o voluntariado ou o coidado de fillos e maiores, que inciden directamente na nosa calidade de vida e que de maneira maioritaria realizan as mulleres– parécenos ineludible e fundamental. As experiencias que vimos en España son as das contas satélites, un sistema de organización das contabilidades nacionais para medir o valor dos sectores económicos que non se reflicten como tales nas contas nacionais. Por iso, a conta satélite do traballo non-remunerado funciona de forma paralela ás contas nacionais, sen alterar os totais nacionais (neste caso, rexionais), ofrece cifras que cuantifican a contribución real do traballo non-remunerado ao produto interior bruto (PIB) e permite a comparación con outros sectores económicos contemplados na contabilidade rexional ou nacional.

4. Medición do traballo non-remunerado

Se utilizarmos os conceptos do SCN de 1993, o traballo non-remunerado no fogar pode clasificarse nos seguintes tipos: 1) quefaceres domésticos, atención dos nenos e outros servizos relacionados coa familia que non reconece o SCN como actividade económica; 2) actividades de subsistencia non-comerciais, como a produción agrícola para o consumo doméstico e o aluguer apostado de vivendas ocupadas polos propietarios que trata o SNC como produto económico, mais que se valora sobre a base de valor de mercado en servizos análogos que se venden; e 3) as empresas domésticas que producen para o mercado a que máis dun membro da familia achega traballo non-remunerado. Estas empresas proporcionan un ingreso á familia no seu conxunto.

5. Medición do traballo de mulleres e homes na agricultura

A medición do traballo agrícola é unha esfera crítica das estatísticas sobre os sexos, cando o traballo da muller na agricultura e a medida en que as mulleres aseguran a subsistencia das súas familias son cuestións cruciais para a elaboración de políticas. É posible que a produción de subsistencia non represente unha gran proporción do PIB en termos monetarios, mais é importante para a supervivencia de millóns de persoas en todas as rexións.

As enquisas agrícolas adoitan concentrarse na produción e a utilización da terra, pasando por alto os recursos humanos e o papel dos membros da familia na propiedade. Os censos de poboación e as enquisas sobre a forza de traballo que se se concentran nas persoas e o seu traballo, pola súa vez, adoitan obviar e, en consecuencia, subesti-

mar o traballo da muller na agricultura, debido a que polo xeral non é remunerado e inclúe actividades como a elaboración de alimentos e a subministración de auga e combustible que se consideran parte dos quefaceres domésticos.

Gran parte do traballo agrícola das mulleres realízase en cultivos de subsistencia e non en cultivos comerciais; no entanto, moi poucas mulleres se dedican apenas aos cultivos de subsistencia. A maior parte das familias agrícolas dos países en desenvolvemento consome principalmente alimentos producidos dentro da propiedade familiar, porén, o volume de produción para o mercado varía de forma considerable.

Como consecuencia do anterior, é preciso determinar que é a agricultura de subsistencia. Segundo a última revisión, de 2005, da clasificación internacional uniforme de ocupacións da OIT realizada en 1988, os traballadores agropecuarios e pesqueiros de subsistencia son aqueles que procuran alimentos, vivenda e ingresos para eles e as súas familias. Os traballadores de subsistencia distínguense dos agricultores e traballadores cualificados de explotacións agropecuarias, forestais, e pesqueiras con destino ao mercado pola orientación cara ao mercado destes últimos e polo uso de procesos de produción moderna, organizados e automatizados para acadaren unha alta produtividade. É posible que os traballadores de subsistencia comercialicen unha parte dos seus produtos co fin de obteren efectivo para adquiriren bens básicos, mais, por regra xeral, non teñen ningunha das vantaxes do crédito oficial nin das regras de comercialización.

Porén, as divisións entre a produción de subsistencia e a de cultivos comerciais non se mostran moi diáfanas na práctica, xa que moitas mulleres e homes participan en ambos os dous tipos de produción, consomen principalmente alimentos producidos na propiedade familiar e, ademais, venden parte da produción ao mercado. Os alimentos, o combustible e a auga son os elementos principais da produción de subsistencia e as mulleres adoitan ser as principais produtoras. As mulleres participan como traballadoras familiares non-remuneradas na propiedade da familia, recollen forraxe e alimentos, así como combustible e auga, manteñen unha pequena parcela para o consumo familiar e elaboran e almacenan alimentos para o consumo posterior, a proporcionaren seguridade alimentaria para a supervivencia básica.

Aínda sendo esta a realidade, nas enquisas e os censos de poboación subestímase en gran medida a participación da muller na agricultura, malia algúns datos revelar a importancia deste traballo «invisible». Así, segundo o censo da India de 1991, o 73% das mulleres das zonas rurais non son economicamente activas, mais un estudo realizado polo Ministerio de Planificación en 1998 sinalou que das mulleres que se dedicaban aos quefaceres domésticos e que se clasificaran como inactivas do punto de

vista económico, o 60% das rurais e o 15% das urbanas recollían leña, forraxe ou alimento, mantiñan hortos ou árbores froiteiras, ou criaban aves ou gando. Ademais, o 52% das mulleres rurais e o 97% das mulleres urbanas preparaban tortas de esterco para combustible, e o 63% das mulleres rurais e o 32% das mulleres de zonas urbanas carrexaban auga de fóra da casa. Todas estas actividades considéranse actividades económicas no SCN e as recomendacións da OIT.

6. O sector non-estruturado

En todos os países africanos observados, agás en Exipto, máis dun terzo das mulleres economicamente activas, fóra da agricultura, traballan no sector non-estruturado. A porcentaxe chega até o 72% en Zambia, o 62% en Gambia e o 65% en Indonesia.

O sector non-estruturado é unha importante fonte de traballo para as mulleres. En 1993, debido en gran medida ao interese por mellorar a comprensión da actividade económica da muller, a Conferencia Internacional de Estatísticos do Traballo chegou a elaborar unha definición do sector non-estruturado. Nela, defínese as empresas por conta propia como empresas de fogares pertencentes a traballadores por conta propia e administradas por eles, que poden empregar traballadores familiares non-remunerados e empregados ocasionais, mais non empregan traballadores de maneira continúa. As empresas do sector non-estruturado funcionan case sempre en pequena escala, cunha organización rudimentaria en que hai moi pouca ou ningunha distinción entre o traballo e o capital como factores de produción.

A unidade de produción pode funcionar ou non en locais fixos e pode ter ou non e utilizar activos de capital fixo. Pode pertencer a unha soa persoa e ser administrada por ela ou por varios membros da mesma familia, ou ben resultar unha sociedade entre membros de diferentes familias, e pode funcionar todo o ano ou como empresa estacional ou ocasional. As unidades que se dedican exclusivamente á produción non-comercial é dicir, as unidades de subsistencia e en xeral en actividades agrícolas, aínda que se inclúan dentro da produción nas contas nacionais, non se inclúen nesta definición do sector non-estruturado.

7. O desemprego

As taxas de desemprego varían segundo factores como a idade, a educación, as aptitudes e a residencia. De todos os xeitos, as mulleres tenden a verse máis afectadas que os homes polas responsabilidades familiares e é menos probable que establezan unha historia de emprego constante.

A forma en que se adoita medir o desemprego impide enumerar as mulleres como desempregadas. Na definición da OIT de 1982, o termo «desempregado» abarca todas as persoas que durante o período de referencia: 1) estaban sen traballo, é dicir, non tiñan emprego remunerado ou emprego por conta propia como se especifica na definición internacional do emprego; 2) estaban actualmente en dispoñibilidade de traballar, é dicir, que estaban dispoñibles para o emprego remunerado ou o emprego por conta propia durante o período en referencia; e 3) estaban buscando traballo, é dicir, que tomaran medidas concretas nun período especificado recente para buscar emprego remunerado ou emprego por conta propia.

Porén, moitas mulleres sen traballo non adoptan medidas activas para buscaren traballo se consideran que non van conseguilo en determinado tempo, polo que non se contan como desempregadas. Nas zonas rurais é posible que as oportunidades de emprego para as mulleres sexan particularmente limitadas, fóra das colleitas estacionais. E en moitos países, as mulleres non teñen un doado acceso ás vías oficiais, como as oficinas públicas e os organismos de desemprego, e a miúdo encaran obstáculos de carácter social e cultural ao buscaren emprego.

Nestas circunstancias, resulta máis axeitado o criterio menos limitante de «en dispoñibilidade para traballar», mais non necesariamente «buscando traballo». Ao utilizar así a definición ampliada de dispoñibilidade, obtense unha maior taxa de desemprego, nalgúns países considerablemente máis alta, e o efecto é sempre maior no caso das mulleres que no dos homes en todos os países.

Nos países en desenvolvemento é limitado o número de traballadores incluído no seguro de desemprego ou outros tipos de asistencia. Nestas condicións, a maioría da poboación debe estar dedicada en todo momento a algunha actividade económica, por desaxitada que sexa. Así, por tanto, as mulleres non contarán como desempregadas. En consecuencia, nos países en desenvolvemento os datos sobre o desemprego deben complementarse con datos sobre subemprego, especialmente no caso das mulleres.

Tras unha breve exposición da estrutura de elementos que provocan que a pobreza se concentre, sobre todo, no sexo feminino, dada a feble posición da muller tanto no mercado de traballo como fronte ás economías, podemos afrontar que a realidade da «muller e a pobreza», sobre todo nas zonas de desenvolvemento, comeza a ser un obxectivo prioritario; e concluír, ademais, que gran parte da análise da pobreza e dos sexos está baseada en hipóteses e deducións de datos moi limitados e estudos de casos. As tres hipóteses básicas que é preciso probar na medición da pobreza por sexo son: 1) que os recursos non se distribúen equitativamente dentro da familia; 2) que os fogares encabezados por mulleres son máis vulnerables á pobreza que os encabezados por homes; e 3) que existen máis mulleres que homes nas familias pobres.

A utilización de ingresos para o benestar das familias por parte das mulleres tamén pode diferir da que efectúan os homes. Os estudos analizados en varios países revelan que as mulleres orientan máis recursos cara aos alimentos e os nenos cando contan cos seus propios ingresos ou están encargadas dos ingresos familiares como xefas do fogar. Os ingresos adicionais baixo o control das mulleres producen aumentos no gasto en alimentos e grandes diminucións do gasto en alcohol, gasto en alimentos de mellor calidade e maiores gastos en artigos para os nenos, polo que ningún dos fogares encabezados por mulleres rexistrou en Kenia e Ruanda casos de nenos afectados con malnutrición aguda.

8. Breves propostas para paliar a pobreza desde a Conferencia Internacional de Mulleres de Pequín a través do sistema de contas nacionais

Aínda que moitas mulleres melloraron a súa situación nas estruturas económicas, a maior parte, sobre todo as que tropezan con impedimentos adicionais, seguen sen poder acadar a autonomía económica e ter medios de vida sostible para elas e as persoas ao seu cargo. As mulleres adoitan realizar actividades económicas de diversa índole de forma combinada, desde o traballo asalariado e as actividades agrícolas e pesqueiras de subsistencia até as actividades do sector non-estruturado. Non obstante, as barreiras xurídicas e consuetudinarias que impiden a propiedade, o acceso á terra, os recursos naturais, o capital, o crédito, a tecnoloxía e outros medios de produción, así como as diferenzas salariais, contribúen a obstaculizar o progreso económico da muller.

Aínda non se recoñece debidamente nin se rexistra o valor da contribución non-remunerada das mulleres á economía, xa sexa no fogar, xa sexa nas actividades agrícolas, a produción alimentaria, as empresas familiares, os servizos comunitarios ou o traballo doméstico, polo que non queda reflectido nas estatísticas laborais nin nas contas

nacionais. Neste sentido, ao elaborar políticas económicas e sociais, é preciso mellorar a formulación de conceptos estatísticos e os métodos para medir e valorar as actividades produtivas non-remuneradas.

O desemprego da muller é un problema grave que vai en aumento en moitos países e sectores. Os traballadores mozos do sector non estruturado e o sector rural e as traballadoras migrantes seguen sendo as categorías menos protexidas pola lexislación laboral e as leis de inmigración. As mulleres, particularmente as que están á fronte do fogar con nenos pequenos, teñen escasas oportunidades de emprego debido, entre outros motivos, a que as condicións de traballo non son flexibles e a que os homes e a sociedade non comparten o suficiente as responsabilidades familiares.

Na Conferencia de Pequín, e máis concretamente no seu obxectivo F.3, marcouse como prioridade a necesidade de lles proporcionar ás mulleres de baixos ingresos servizos comerciais e acceso aos mercados, a información e a tecnoloxía para acadaren o devandito obxectivo. E, ademais, especificanse concretamente determinadas actividades como as seguintes:

1. Proporcionar programas de divulgación para informar as mulleres de baixos ingresos e as mulleres pobres, especialmente nas zonas rurais e apartadas, das oportunidades de acceso aos mercados e as tecnoloxías, así como prestarlles asistencia para aproveitaren as devanditas oportunidades.
2. Crear fondos de investimento e servizos de apoio non-discriminatorios para as empresas de propiedade de mulleres, e ter especialmente en conta as mulleres, sobre todo as de baixos ingresos, nos programas de promoción do comercio.
3. Adoptar políticas que amplíen ou manteñan a protección que prestan as leis laborais e as disposicións sobre benestar social ás persoas que realizan traballo non-remunerado no fogar.
4. Fomentar e fortalecer as microempresas de mulleres, as empresas pequenas novas, as empresas cooperativas, os mercados ampliados e outras oportunidades de emprego; e, cando proceder, facilitar a transición do sector non-estruturado ao estruturado nas zonas rurais e urbanas.

Outras solucións a longo prazo formuladas en Pequín para paliar os problemas de pobreza da muller, que en moitas ocasións as derivan ao exercicio de actividades relacionadas coa prostitución, son estas:

1. Promulgar e facer cumprir as leis incluso mediante o establecemento de mecanismos de recurso e o acceso á xustiza en caso de incumprimento, co fin de prohibir a discriminación directa e indirecta por motivos de sexo, orientación sexual e situación familiar en relación co acceso ao emprego e as condicións de emprego, con inclusión da capacitación, os ascensos, a saúde e a seguridade, así como no tocante ao despedimento e a seguridade social dos traballadores, incluída a protección legal contra o fustrigamento sexual e racial.
2. Eliminar as prácticas discriminatorias utilizadas polos empregadores con base nas funcións reprodutivas da muller, incluída a denegación de emprego e o despedimento de mulleres debido ao embarazo ou a lactación.
3. Procurar que nas estratexias para eliminar o traballo infantil se recoñezan as demandas excesivas que se lles fan a algunhas nenas no relativo aos labores non-remunerados no fogar.
4. Tratar de desenvolver un coñecemento máis integral dos conceptos de traballo e emprego mediante, entre outras, iniciativas para medir e entender mellor o tipo, o alcance e a distribución do traballo non-remunerado, e particularmente o traballo dedicado ao coidado dos familiares ao cargo e o traballo sen remunerar que se fai en explotacións agrícolas ou empresas familiares. Así mesmo, fomentar, compartir e divulgar información, estudos e experiencias neste campo, incluída a información sobre o desenvolvemento de métodos para determinar o valor dese traballo en termos cuantitativos para a súa posible inclusión en contas que se preparasen por separado das contas nacionais básicas, mais en consonancia con estas.

A Conferencia Internacional da Muller celebrada en Pequín foi un grande avance para a igualdade e a formación da muller de cara ao futuro, sen marxinar ningunha opción política, social, relixiosa ou cultural. Recoñeceuse o papel do traballo da muller no fogar e a importancia da muller na familia, na sociedade, e igualmente avanzouse na introdución da iniciativa privada no financiamento dos programas para a muller; ora que cremos que un dos logros máis importantes é que as mulleres dos países en vías de desenvolvemento falan con voz propia, e decidiron tomar o temón dos seus destinos cansas de pasaren da protección do home á protección das mulleres dos países desenvolvidos que falaban por elas.

Por primeira vez, puxéronse de acordo os 184 países asistentes á conferencia para que se recoñeza e protexa nas súas leis a igualdade da muller. Instouse os gobernos, entre outras cousas, a asumiren o compromiso de incorporar dentro das contas nacionais as achegas que realizan as mulleres, para afondar no coñecemento da realidade das

mulleres e centrar a súa preocupación en realizar unha cuantificación real e obxectiva das achegas do traballo das mulleres á economía nacional, a partir da valoración do seu o traballo tanto na esfera doméstica como no espazo produtivo.

No ano 2000, volvéronse reunir as mulleres na cidade de Nova York para faceren un seguimento dos logros e obstáculos en relación cos obxectivos de Pequín, a respecto dos cales se apreciou un progreso considerable no recoñecemento da dimensión de xénero nas estratexias de loita contra a pobreza, a se facilitar o acceso das mulleres aos servizos sociais básicos e promoverse o emprego e as actividades de xeración de ingresos. Así mesmo, apreciouse unha maior conciencia na educación, que sen dúbida será o mellor instrumento para conseguir a igualdade.

Doutra parte, adoptáronse programas de saúde para a muller que abarcan todo seu o ciclo vital, albíscase un aumento da participación da muller no mundo laboral e, conseguintemente, na economía, así como un auxe da intervención feminina na toma de decisións de poder en todos os niveis, elimináronse disposicións discriminatorias e tomáronse medidas para que a muller exerza efectivamente os seus dereitos humanos. En definitiva, e sen ánimo de obviar os graves e importantes obstáculos, fortalecéronse os mecanismos para a promoción de igualdade de xénero.

No noso país, e desde o enfoque de organizacións como Cáritas Española, infórmase de que as taxas de actividade feminina son aínda menores que as dos homes, que ás mulleres lles afectan máis as situacións de desemprego e que cobran menos, tendo en conta que as mulleres se concentran naqueles sectores e categorías profesionais onde as remuneracións e o nivel de cualificación son máis baixos, e optan a contratos de tempo parcial que lles permitan compatibilizar a súa actividade laboral cos coidados da familia.

O informe elaborado polo equipo de apoio do programa dedicado á muller de Cáritas Española establece cales son os ámbitos en que hai que intervir para diminuír o risco de pobreza, cando unha muller se converte en sustentadora do seu fogar, e que concretamente son dous.

Primeiro, no ámbito laboral, intentando identificar as situacións de vulnerabilidade como sistema preventivo. Así, por exemplo, na liña do desenvolvemento de políticas de integración laboral, na medida en que potencian a integración da muller no ámbito laboral, estarase diminuíndo o risco de pobreza que estas mulleres terán que afrontar cando cheguen a maiores e se vexan obrigadas a sobrevivir cunha escasa pensión de viuvez, malia que ademais da integración laboral cómpre mellorar as condicións en que esta se desenvolve.

En segundo lugar, no ámbito da protección social Cáritas Española propón o desenvolvemento de prestacións sociais que axuden as mulleres que son sustentadores principais do seu fogar a conciliaren a vida laboral e familiar.

9. A perspectiva para o recoñecemento do traballo da muller

Actualmente a situación do traballo da muller no noso país vén marcada pola Axenda de Lisboa que, desde marzo de 2000, propón máis emprego, concretamente aumentar a taxa das mulleres por riba do 60%, e de máis calidade como presuposto para a competitividade da Unión. Ademais, a creación do Instituto Europeo de Xénero, cuxa principal función consistirá en lle proporcionar á Comunidade e aos estados membros información e datos obxectivos en materia de igualdade entre homes e mulleres, permitirá levar a cabo medicións neste ámbito, así como tamén servirá de catalizador para elaborar, analizar e difundir información que permita mellorar a igualdade entre homes e mulleres en Europa.

Doutra parte, a Axenda de Lisboa propón tamén conseguir a mesma independencia económica para as mulleres que para os homes; fomentar acordos laborables flexibles e aumentar as medidas para conciliar a vida laboral e familiar; promover a participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións; erradicar a violencia de xénero e a trata de seres humanos con fins de explotación laboral ou sexual; eliminar os estereotipos sexistas na sociedade e promover a igualdade de xénero profesional e familiar fóra da Unión Europea.

De todo iso deducimos que dentro das políticas de igualdade de xénero no traballo na Unión Europea e nos seus estados membros, na actualidade non están recollidas as do recoñecemento do traballo da muller no SCN.